



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



PLANO ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS DA PARROQUIA DE TOMEZA

PLANO ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS DA PARROQUIA DE TOMEZA

INTRODUCCIÓN	2
1. ANTECEDENTES	2
2. OBXECTO	2
3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN.....	2
4. CONTIDOS DOS PLANOS	3
5. FASES DE ELABORACIÓN DOS PLANOS	4
6. FONTES DE INFORMACIÓN	4
MEMORIA.....	5
1. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL	5
2. DIAGNOSE.....	8
3. PROPOSTAS	9
4. PRIORIZACIÓN.....	10
5. PLANOS.....	11

INTRODUCCIÓN

1. ANTECEDENTES

O concello de Pontevedra pretende que o rural e os barrios, así como a participación social, adquiren un protagonismo específico nas actuacións a desenvolver. Por este motivo, levou a cabo a elaboración dos Planos Específicos de Infraestruturas das parroquias do rural do termino municipal.

Os obxectivos destes Plans Específicos de Infraestruturas das Parroquias son, polo tanto:

1. Potenciar a identidade parroquial.
2. Vertebración e cohesión social, e creación de núcleos de centralidade parroquial.
3. Mellora da calidade de vida, achegando o modelo do centro e dos barrios urbanos ao rural.

Para a redacción dos mesmos, seguíronse as condición e determinacións fixadas no Prego de Prescricións Técnicas publicado ao efecto. Por outra banda, o técnico contratado para levar a cabo estas tarefas fíxose cargo tanto da realización dos traballos de campo e elaboración da documentación definitiva, como de prestar o oportuno asesoramento nas reunións cos veciños e axentes sociais implicados.

Foi durante estas reunión que se chegou a conclusión de que a maneira óptima de levar a cabo tan ampla labor era a catalogación das necesidades dos veciños en grupos temáticos. Así, diferenciamos os seguintes conxuntos de propostas:

- Viaro peonil
- Plan de arranxo de fontes
- Plan de arranxo de pistas
- Roteiro interparroquial
- Conservación de patrimonio
- Equipamentos
- Saneamento
- Seguranza viaria

2. OBXECTO

Estes “Planos Específicos de Infraestruturas de Parroquia” teñen por obxecto recoller todas as necesidades e actuacións concretas en todos os ámbitos: patrimonial e cultural, recursos ambientais, mobilidade, servizos (lixo, ciclo da auga, iluminación...), dotacións e equipamentos, e calquera outro que se poida priorizar colectivamente mediante a participación veciñal.

Así mesmo, redáctase una serie de propostas a partir das necesidades dos veciños, para cada unha das áreas citadas, xunto con unha valoración e priorización das mesmas.

Xerouse un plano específico por cada parroquia cos contidos citados.

3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de desenvolvemento dos Planos específicos de infraestruturas serán as trece parroquias do rural do concello de Pontevedra que contan con Consello Parroquial. A saber:

- | | | |
|-------|-------------|-----------|
| -Alba | -Campañó | -Lérez |
| -Bora | -Cerponzóns | -Lourizán |

-Marcón
-Mourete
-Salcedo

-Santa María de Xeve
-Santo André de Xeve
-Tomeza

-Verducido

4. CONTIDOS DOS PLANOS

Para cada unha das parroquias sinaladas, redactouse un Plano individual, co seguinte contido:

1. Caracterización da situación actual

- Características físicas.
- Características demográficas e socioeconómicas. Distribución de actividades por áreas.
- Recursos culturais e patrimoniais: Patrimonio arquitectónico, escultórico, etnográfico, lingüístico, etnográfico e histórico.
- Recursos ambientais: Auga, regatos, zonas húmidas, monte, núcleos de poboación, resto do territorio.
- Rede viaria e mobilidade.
- Servizos: Ciclo da auga (abastecemento público, traídas veciñais, colectores de saneamento), iluminación pública, recollida do lixo e outros.
- Dotacións: Centros cívicos, parques infantís, zonas de lecer, educacional, etc.
- Todos aqueles recursos e características propias xurdiron da participación colectiva.

Esta caracterización levouse a cabo a partir dos datos cartográficos facilitados polo Concello, completados mediante os correspondentes traballos de campo e reunións cos axentes implicados en cada parroquia.

2. Diagnose

Realizouse unha diagnose do estado de cada unha das parroquias do rural de Pontevedra, sinalándose as súas carencias e detectando as súas potencialidades, a partir da análise da situación actual e da súa previsible evolución.

3. Propostas

Propúxose unha serie de programas de actuación a desenvolver en cada parroquia para acadar os obxectivos do plano:

- Recursos culturais e patrimoniais: catalogación, protección normativa, actuacións de fomento e mellora: obras, sinalización, proteccións físicas.
- Recursos ambientais: eliminación de elementos de deterioro, actuacións de mellora, sendas, parques forestais ...
- Rede viaria e mobilidade: ordenación e reordenación de USOS, potenciación da mobilidade amable, direccións únicas, dotación de beirarrúas, sostemento dos pavimentos, seguridade viaria (limitación de velocidade, elementos de calmado de tráfico, sinalización).
- Servizos: ciclo da auga (potenciación das traídas veciñais, subministro público en zonas nas que se necesite, completar a rede de sumidoiros con racionalidade), iluminación pública (completar onde sexa necesaria, iluminar elementos senlleiros), recollida do lixo (reaxuste de certos elementos do servizo, procedemento para actuar sobre animais abandonados ou mortos, información sobre punto

limpo). Cabe sinalar que, aínda que o saneamento estivo incluído no listado de demandas dos consellos parroquiais, non foi valorado nin priorizado, por depender a súa execución de acordos con administracións superiores.

•Dotacións: completar a rede de centros cívicos onde sexa imprescindible, medidas de xestión que optimicen o aproveitamento e os custos, soste os equipamentos actuais, completar con novas equipamentos con criterios de maior uso e menor sostemento, actuar sobre os espazos libres e as zonas verdes e de lecer con sostemento e dotación de novas áreas que se consideren necesarias.

Estes programas de actuación contan cun Estudo Económico no que se recolle unha aproximación aos custos reais da súa implantación.

5. FASES DE ELABORACIÓN DOS PLANOS

Estes planos foron o resultado final dun proceso de toma de datos, adquisición de información, participación e propostas dos veciños afectados, e audiencia pública máis aprobación final polo Concello. A continuación expónse como se articulou dito proceso, e as súas correspondentes fases.

1. EXPLICACIÓN

O traballo precisaba dun esforzo previo de explicación e asunción por parte dos axentes sociais da parroquia. Todos e cada un dos aspectos coas súas potencialidades e limitacións debían ser debatidos e aclarados, co obxecto de que este proxecto sexa compartido polos axentes sociais da parroquia.

2. RECOLLIDA DE DEMANDAS E COMPILACIÓN DE INFORMACIÓN

En cada un dos apartados de cada Plano recóllense as demandas e propostas dos veciños. Mantivéronse reunións con veciños preocupados por unha ou varias áreas temáticas. Asemade, traballouse no tratamento da información facilitada polo Concello, á vez que se realizaban os traballos e inspeccións de campo precisas.

3. PLANOS INICIAIS

Unha vez recollidas as demandas presentáronse os Planos iniciais que se aplicarían a cada parroquia, cos contidos precisados no art. 4 do Prego de Prescricións Técnicas redactado a este efecto.

4. PRIORIZACIÓN E SECUENCIACIÓN

Xunto cos axentes sociais da parroquia, levouse a cabo unha priorización das actuacións propostas, determinando a súa secuenciación temporal aproximada. Isto fíxose en base aos seus custos previsibles, necesidades, número de destinatarios e atendendo a criterios de racionalidade e equitativos

6. FONTES DE INFORMACIÓN

Os datos utilizados para a redacción do presente documento se obtiveron das seguintes fontes:

- | | |
|------------------------------|----------------------|
| -PXOM en tramitación | -Datos censais (INE) |
| -Cartografía municipal | -Traballo de campo |
| -Fotografías aéreas (SIXPAC) | |

MEMORIA

1. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

1.1 Condicionantes territoriais

Está situada no centro - sur do concello cunha extensión aproximada de 4,29 Km² . Limita ao norte cosas parroquias de Virxe do Camiño e Marcón, ao leste coa parroquia de Marcón, ao sur co concello de Vilaboa e ao oeste coa parroquia de Salcedo. Está composta por dez entidades de poboación recoñecidas de modo oficial no Nomenclátor de poboación e que son as que seguen: A Carballa, O Marco, O Alcouce, Pumariño, O Pombal, O Casal do Río, A Valadiña, San Pedro, O Pobo e Lusquiños.

O Río Tomeza atravesa a parroquia de norte a sur pola depresión meridiana e constitúe o límite polo oeste da parroquia. Este río, xunto cos seus afluentes, –o Marco na parte Norte e o Río do Porto no Sur– son os elementos que condicionan e caracterizan mellor a parroquia dende o punto de vista físico. As maiores pendentes danse no lugar de O Pumariño, no sueste da parroquia, no límite con Vilaboa. En Lusquiños, no Monte de San Cibrán acádanse altitudes de 150 metros, esta cota supón o límite físico coa parroquia de Marcón.

A depresión meridiana constitúe o paso natural das vías de comunicación. A traza histórica do Camiño Portugués a Santiago atravesa a parroquia polo val do Río Tomeza e prolóngase cara ao norte na parroquia de Alba. Este paso histórico transformouse na estrada provincial EP–0002 que vai dende o cruce do Marco ata o veciño concello de Vilaboa.

Esta estrada pódese considerar o viario estruturante da parroquia e onde se concentra a maior densidade edificatoria. O resto da rede viaria interna, configurada polas pistas e camiños, estrutura o modelo de asentamentos e pon en contacto os distintos lugares.

Dende unha aproximación xeral ao modelo de asentamento no territorio observamos algúns matices. Por unha parte hai unha serie de asentamentos que presentan case que un continuo edificatorio seguindo sempre o viario (Lusquiños, San Pedro, O Alcouce, A Valadiña, e O Casal do Río). Douro lado, lugares como O Pombal e Pumariño aparecen un tanto illados con respecto dese continuo ao que nos referíamos no caso anterior, sendo máis acentuado este carácter no lugar de O Pumariño onde o illamento é maior debido ao emprazamento no que se atopa (zona elevada e montañosa). Neste caso, as relacións son se cabe máis fortes coa veciña parroquia de Marcón a través do lugar de Valadares.

Un caso especial é o lugar de A Carballa na parte máis ao sur da parroquia e ao outro lado do Río Tomeza, o cal non ten ningunha pista ou camiño que o comunique de modo directo co resto dos lugares da parroquia, e pola contra, ten maior continuación coa veciña parroquia de Salcedo.

1.2 Poboación

Debido á proximidade da parroquia, tanto física como funcional, co centro urbano de Pontevedra, a parroquia sufriu a perda de lugares por incorporación ao núcleo urbano, que dou como resultado que a evolución da poboación entre 1981 e o ano 2008 fose negativo.

NÚCLEOS	POBOACIÓN DE FEITO.						Nº DE VIVENDAS.			
	1981	1991	2001	2008	2012	Increment. %	1981	1991	2001	Increment. %
TOMEZA	1245	1129	1124	1082	1048	-15,82	321	333	424	32,1
ALCOUCE (O)	61	63	51	44	41	-32,78	15	14	14	-6,7
LUSQUIÑOS	467	454	484	465	459	-1,71	115	144	157	36,5
MARCO (O)	176	71	46	43	35	-80,11	61	21	24	-60,7
POBO (O)	157	152	156	153	147	-6,37	37	45	50	35,1
POMBAL (O)	51	62	66	55	68	33,33	13	19	18	38,5
PUMARIÑO	51	52	53	53	57	11,76	13	15	16	23,1
SAN PEDRO	119	110	102	96	84	-29,41	27	27	29	7,4
VALADIÑA (A)	94	96	88	76	68	-27,66	23	27	24	4,3
CARBALLA (A)+ CASAL DO RIO	69	69	80	89	89	28,98	17	21	21	23,5

PARROQUIA DE SAN PEDRO DE TOMEZA. ÍNDICE DE VARIACIÓN 1981/2012

Este dato contrasta co incremento do numero de vivendas no global da parroquia, debido sobre todo ao incremento de vivendas ao longo das estradas e, no lugar de Carballa, para segunda residencia.

1.3 Dotacións e espazos libres

O principal uso da parroquia é o residencial, coa única excepción dunha pequena actividade comercial ou industrial.

Lusquiños con maior concentración de poboación, e San Pedro, son os núcleos que presentan o maior número de equipamentos, sendo polo tanto os principais puntos de encontro das xentes da parroquia.

Lusquiños: destaca o colexio, o local social, unha pista deportiva na zona máis elevada do monte e tamén o miradoiro e capela de San Cibrán.

San Pedro: atopamos a igrexa parroquial e un área de esparcemento con aparcamento no predio da antiga reitoral.

A Valiña: neste lugar está situado o cemiterio nunha posición máis marxinal respecto das relacións internas da parroquia.

1.4 Patrimonio cultural

A PONTE DO COUTO

X_019 PETRÓGLIFO

Petróglifo do Penedo do Mato do Fondo

A VALADIÑA

E_337 FONTE-LAVADOIRO

Fonte Nova

E_338 FONTES

Fonte da Valadiña

E_339 MUÍÑO

Muíño da Gallarda

E_343 CRUCEIRO

Cruceiro do Cemiterio

CONS

E_333 MUÍÑO

Muíño-vivenda do Rabelo

LUSQUIÑOS

A_161 PAZO

Pazo de Lusquiños

E_096 FONTE-LAVADOIRO

Fonte-Lavadoiro de Lusquiños

E_336	FONTES	Fonte da Frexona / Frouxona
I_015	PONTE	Ponte de Valentín
X_035	CASTRO	Castro de San Cibrán
E_000	CONSTRUCCIÓN	Refuxio de Canteiros
F_000	FORTE-LAVADOIRO	Fonte da Fraina
O CASAL DO RÍO		
I_016	PONTE	Ponte Rebón
O POBO		
E_092	CRUCEIRO	Cruceiro de O Pobo
E_093	CRUCEIRO	Cruceiro de O Santiño
E_334	CONXUNTO TRADICIONAL	Escultura, alpendre e hórreo tradicionais
E_335	FONTES	Fonte da Carrola
O POMBAL		
E_095	MUÍÑO	Muíño do Pombal
O PUMARIÑO		
A_163	CIVIL	Conxunto tradicional
A_164	CIVIL	Conxunto tradicional
E_340	MUÍÑO	Muíño de Abaixo
E_341	MUÍÑO	Muíño de Arriba
F_000	FORTE-LAVADOIRO	Fonte do Pumariño
PONTE DA CONDESA		
I_014	PONTE	Ponte da Condesa
SAN CIBRÁN		
A_029	RELIXIOSA	Capela de San Cibrán
E_091	CRUCEIRO	Cruceiro da capela de San Cibrán
SAN PEDRO		
A_028	RELIXIOSA	Igrexa parroquial de San Pedro
E_094	MUÍÑO	Muíño do Porto
X_034	NECRÓPOLE	Necrópole de San Pedro de Tomeza

2. DIAGNOSE

2.1 Problemática xeral

- Os leitos dos ríos e os acuíferos, principais recursos naturais da parroquia, atópanse moi contaminados polos vertidos directos de efluentes e pola instalación defectuosa da rede principal.
- A estrada provincial EP-0002 que vai a Vilaboa, non conta coas medidas de seguranza viaria suficientes.
- O viario dos núcleos rurais é un dos principais problemas, pois a pendente e a escasa sección dificulta o tránsito peonil e, con elo, a interrelación entre os distintos lugares.
- Hai una necesidade de mellora dos equipamentos existentes

2.2 Obxectivos

- É necesario mellorar a rede de saneamento, pois a existente orixina moitos problemas de saturación.
- Acondicionar zonas verdes con mobiliario adaptado ás necesidades actuais.
- Recuperación do patrimonio cultural da parroquia.
- Acondicionar o centro social de Lusquiños.
- Mellorar a conexión peonil e ciclista coa cidade.

3. PROPOSTAS

NOME	CÓDIGO	PLANO	TRABALLOS	LOCALIZACIÓN	LONXITUDE	ANCHO	PREZO UNITARIO	PREZO	TOTAL
VIARIO PEONIL	C01	P.01	Arranxo de firme e pluviais	Lusquiños-San Cibrán	402	1	98,07 €		39.424,14 €
	C02		Creación, arranxo de firme e pluviais	Lusquiños-Ponte da Condesa	314	1	98,07 €		30.793,98 €
	C03		Creación, arranxo de firme e pluviais	Lusquiños-Campo de fútbol	374	1	98,07 €		36.678,18 €
	C04		Creación, arranxo de firme e pluviais	Campo de fútbol-Marcón	310	1	98,07 €		30.401,70 €
PLAN DE ARRANXO DE FONTES	F01	P.02	Limpeza e mellora	Fonte de Casal do Río				500,00 €	500,00 €
	F02		Limpeza, consolidación do muro e levada	Fonte do Pumariño				1.000,00 €	1.000,00 €
	F03		Limpeza e mellora	Fonte da Frexona				500,00 €	500,00 €
	F04		Limpeza e arranxo do chan e desaugue	Fonte da Carrola				500,00 €	500,00 €
	F05		Limpeza e mellora	Fonte das Frainas				400,00 €	400,00 €
PLAN DE ARRANXO DE PISTAS	P01	P.03	Pluviais	Lusquiños				10.000,00 €	10.000,00 €
	P02		Asfaltado, pluviais e sinalización	Ponte da Condesa	252	5	35,59 €		44.843,40 €
	P03		Asfaltado, pluviais e sinalización	San Cibrán-O Carrasco	597	5	35,59 €		106.236,15 €
	P04		Asfaltado, pluviais e sinalización	Lusquiños-Marcón	1000	4	39,68 €		158.720,00 €
	P05		Asfaltado, pluviais e sinalización	Pista do Codesal	300	4	39,68 €		47.616,00 €
ROTEIRO INTERPARROQUIAL CONSERV. DE PATRIMONIO	R01	P.04	Limpeza e sinalización	A Fracha-Ponte Rebón	2170	1	2,00 €		4.340,00 €
EQUIPAMENTOS	CP01		Limpeza, consolidación e sinalización	Refuxio de canteiros				1.200,00 €	1.200,00 €
	AR01	P.05	Construción de aparcamento	Terreo da Rectoral				150.000,00 €	150.000,00 €
	AR02		Parque infantil	Centro Social de Lusquiños				35.000,00 €	35.000,00 €
	AR03		Acondicionamento aparcamento 2ª fase	Terreo da Rectoral				50.000,00 €	50.000,00 €
	AR04		Pista de chave, petanca e parque biosaudábel	Terreo da Rectoral				30.000,00 €	30.000,00 €
CS01	Construción		Centro Social de Lusquiños				165.000,00 €	165.000,00 €	
SANEAMENTO	S01		Saneamento	Casal do Río				70.000,00 €	70.000,00 €
	S02		Saneamento	Gafos				1.100.000,00 €	1.100.000,00 €
SEGURANZA VIARIA	CV01		Calmando de tráfico	Estrada Pontevedra-Vilaboa				27.000,00 €	27.000,00 €
CICLOVIA	CV01	P.06	Arranxo de firme, pluviais e sinalización	Ponte de Valentín	282	1	98,07 €		27.655,74 €
	CV02		Creación de firme, pluviais e sinalización	Ponte da Condesa	252	1	98,07 €		24.713,64 €
	CV03		Arranxo de firme, pluviais e sinalización	Ponte Rebón	160	1	98,07 €		15.691,20 €

2.208.214,13 €

4. PRIORIZACIÓN

NOME	CÓDIGO	1º PERIODO			2º PERIODO			3º PERIODO			
		2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
VIARIO PEONIL	C01			39.424,14 €							
	C02				3.793,98 €						
	C03					36.678,18 €					
	C04						30.401,70 €				
PLAN DE ARRANXO DE FONTES	F01	500,00 €									
	F02			1.000,00 €							
	F03				500,00 €						
	F04					500,00 €					
	F05						400,00 €				
PLAN DE ARRANXO DE PISTAS	P01		10.000,00 €								
	P02			44.843,40 €							
	P03				106.236,15 €						
	P04					158.720,00 €					
	P05						47.616,00 €				
ROTEIRO INTERPARROQUIAL CONSERVACIÓN DE PATRIMONIO	R01			4.340,00 €							
EQUIPAMENTOS	CP01				1.200,00 €						
	AR01	150.000,00 €									
	AR02				35.000,00 €						
	AR03			50.000,00 €							
	AR04					30.000,00 €					
SANEAMENTO	CS01		165.000,00 €								
	S01	70.000,00 €									
SEGURANZA VIARIA	S02										
	CV01						27.000,00 €				
CICLOVIA	CV01						27.655,74 €				
	CV02			25.713,64 €							
	CV03				15.691,20 €						
		220.500,00 €	175.000,00 €	165.321,18 €	162.421,33 €	253.533,92 €	105.417,70 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Asinado: O técnico

Xaquín Moreda González

5. PLANOS